



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 5 DE SETEMBRO DE 2013**

### **LICENZAS**

**LIC/348/2013.- GÓMEZ BLANCO HORTENSIA.-** Conceder licenza para reforma de cuberta en alpendre en Lamasca 12.

**LIC/1657/2011.- GUERRA PARDO RAMÓN.-** Conceder licenza para rehabilitación de edificación para tres vivendas na rúa Castrón Douro 7.

**LIC/2458/2011.- EIRAS PRADO ASUNCION.-** Conceder licenza para derruba de edificio e execución dun muro de contención de terras en Rúa do Home Santo 3.

**LIC/805/2008.- LUAR DO SARELA SL.-** Conceder licenza de básico e de execución de edificio para 2 vivendas e local comercial en Travesa Cruceiro do Gaio 3.

### **PARCELACIÓN**

**LIC/1164/2010.- PEREIRA ALDREY RAMON.-** Conceder licenza para parcelación na rúa Coto da Nai.

### **DEVOLUCIÓNS DE FIANZA**

**LIC/1154/2013.- RIVAS LORENZO MARIA JOSE.....LIC/1858/2006..... 2.000 €**

**LIC/1123/2013.- BALBOA RODRIGUEZ MARIA TERESA.....LIC/3041/2004.....6.000 €**

#### **4.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á devolución de avais do convenio urbanístico de substitución en metálico do aproveitamento municipal no Proxecto de equidistribución da AE-1 do PERI de Vieiro.**

Apróbase a devolución do devandito aval, xa que se deu cumprimento ás obrigas económicas derivadas deste convenio. O importe a devolver é de 84.707,61 €.

#### **5.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa á solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar para programas desenvolvidos polas Corporacións Locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, cofinanciada polo Fondo Social Europeo 2007/2013.**

Acórdase participar na convocatoria de axudas para levar a cabo programas de inclusión para persoas en risco de exclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas que convoca o Fondo Social Europeo. A cantidade a solicitar é de 150.504 €, destinados aos seguintes programas: Programa para a inclusión social da comunidade xitana (51.055,04 euros), Programa para a inclusión social da poboación inmigrante (52.972,40) e Programa para a inclusión de persoas beneficiarias da RISGA (Renda de Integración Social de Galicia) (44.638 euros).

#### **6.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa á aprobación da addenda ao convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o Concello de Santiago para a asistencia social integral a mulleres inmigrantes, a través dun servizo de teletradución.**

Aprobouse a devandita addenda, en virtude da cal se modifica a cláusula cuarta do convenio, o que permitirá seguir prestando este servizo ata o 31 de agosto de 2014.

#### **7.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa ás autorizacións de uso de espazo na Casa das Asociacións de Benestar Social.**

Apróbase a concesión do uso destas instalacións á Federación das Asociacións de Xordos de Galicia e á Asociación de Usuarios de Oncoloxía do CHUS. Tamén se acordou denegar o uso á Asociación de Peregrinos do Camiño Santiago-Toulouse.

### **URXENCIAS**

1.- Apróbase o proxecto básico de consolidación dos muros dunha vivenda na Travesa de San Paio de Anteltares, nº 12, por un importe de 49.941,12 euros.

2.- Adxudícase o contrato de xestión do servizo das escolas infantís de Conxo e Fontiñas á empresa CLECE, S.A., por un importe anual de 425.093,75 euros e por un período de dous anos, prorrogables a outros dous.

3.- Apróbase o expediente de contratación do servizo de conservación e mantemento do túnel do Hórreo, cun tipo de licitación de 140.000 euros (IVE incluído).

4.- Apróbase o proxecto da obra de substitución de seis portalóns no Parque de Bombeiros, por un importe de 30.008 euros.

5.- Apróbase a obra de ampliación da rede de saneamento en Sarela de Arriba (A Peregrina), incluída no POS 2013, cun tipo de licitación de 106.553 euros (IVE incluído).